



CONCELLOS

SOBER

Anuncio

Por resolución de Alcaldía de data de 11/12/2018, por existencia de crédito para concesión de subvencións destinadas a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integral (ARI) municipio de Sober, 5ª fase, acordouse abrir un novo prazo para a presentación de solicitudes de axudas para obras de rehabilitación de vivendas, dende o 18/12/2019 ata o 02/03/2020, e de acordo coas bases publicadas no BOP da provincia de Lugo, de data de 17 de febreiro de 2016, de concesión de subvencións da área de rehabilitación integral (ARI), municipio rural de Sober (Lugo).

Sober, 17 de xaneiro de 2020.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0119

O VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 2 OPERARIOS (OFICIAIS DE 1ª) PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019- PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso oposición, de 2 traballadores (2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais para a realización de diversos traballos ao abeiro do Programa Fomento do Emprego.

As probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables e así mesmo, o recollido nas Bases reguladoras do plan provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Excm. Deputación provincial de Lugo.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

.- Número e denominación dos postos: 2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais.

.- Servizos diversos municipais.

.- Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 5,5 meses, sendo en todo caso a data límite de finalización do contrato o 30 de setembro de 2020.

.- Funcións:

2 operarios - Servizo de mantemento de vías municipais, traballos diversos tales como:

- Reparación, extracción e reposición de pavimentos
- Retirada e colocación de mobiliario urbano
- Construción de arquetas e imbornais de saneamento
- Construción de vados para paso de peóns

- Traballos de reparación e mantemento de beirarúas
- Traballos de albanelaría
- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse con posterioridade ata o nomeamento do aspirante seleccionado.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais

- permiso de conducir clase B.

Será imprescindible que as persoas a contratar a través do Programa Fomento do Emprego 2019 produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50 % da xornada. Xustificarase coa aportación do informe de vida laboral actualizado.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- .- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.
- .- Copia compulsada do permiso de conducir clase B.
- .- Informe de vida laboral actualizado.

.- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras

Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 18,5 meses nos últimos 24,5 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

- a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.
- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.
- a data, hora e lugar en que se realizará a proba práctica e valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de corrección, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso oposición.

O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

- Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 1,00 puntos**) Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.
 - a) Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
 - b) Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
 - c) Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
 - d) Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
 - e) Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
 - f) Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
 - g) Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.
- Experiencia profesional (**máximo 2,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,20 Puntos.
 - Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

Proba Práctica. (**Máximo 6,00 Puntos**)

Realizarase unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

- Carnet de conducir C. (**1,00 Puntos**)

NOVENA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo de dous días hábiles seguintes á data de publicación do resultado de selección, os aspirantes propostos deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, presentando documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

b) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante proposto tivese a condición de diversidade funcional acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

UNDÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na base 8ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida exclusivamente a estas dúas prazas).

DUODECIMA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con
DNI....., nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de....., con enderezo. a efectos de notificación
en..... teléfono.....,

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de dúas prazas de (Sinala con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

OPERARIO SERVIZO MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2020

(sinatura)

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DO VALADOURO

XERMADE

Anuncio

Aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade período 2020-2022.

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o 12 de decembro de 2019, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Xermade para o período 2020-2022, o que se publica para xeral coñecemento:

“PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE XERMADE

PERÍODO 2020-2022

PREÁMBULO.-

A lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (en diante LXS), na liña de mellora da súa eficacia, dispón con carácter básico no seu artigo 8.1 que *“os órganos das Administracións Públicas ou calquera ente que propoña o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións cos obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.”*

En desenvolvemento das previsións contidas na LXS, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, no seu artigo 10, sen carácter básico, sinala que, o plan estratéxico de subvencións configúrase como un instrumento de planificación das políticas públicas que teñen por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

No mesmo senso, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu artigo 5 pon de manifesto que *“os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións ...”*

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade importante de gasto público, e polo tanto deben axustarse ás directrices de política orzamentaria, orientada polos criterios de estabilidade orzamentaria, sostenibilidade financeira e o crecemento económico.

Neste sentido, o presente Plan Estratéxico de Subvencións (en diante PES) é o primeiro que se tramita e detalla o importe das subvencións no Orzamento Xeral da Corporación para os exercicios 2020, 2021 e 2022. A súa finalidade é permitir relacionar os obxectivos a alcanzar e os efectos a conseguir, os custos previstos e a súa financiación, co obxectivo de adecuar as necesidades públicas a cubrir mediante subvencións, cos recursos dispoñibles, sempre con carácter previo á concesión e podendo aumentar ou diminuír as partidas orzamentarias correspondentes nos exercicio seguinte. O marco normativo xeral complementase coas bases de execución do orzamento aprobadas para cada exercicio xunto coa tramitación dos orzamentos.

Polo disposto, o Concello de Xermade elabora o presente Plan Estratéxico de Subvencións (2020-2022) cuxo articulado se desenvolve a continuación.

ARTIGO 1. NATUREZA XURÍDICA.-

Os Plans Estratéxicos de Subvencións teñen carácter programático, non xerando en ningún caso dereitos nin obrigas de terceiros, senón que se trata dunha decisión programática de carácter político enmarcada dentro dunha das actividades propias da dirección política como é a planificación.

A efectividade do presente PES atopase condicionada ás dispoñibilidades orzamentarias existentes no orzamento municipal de cada exercicio, así como á aprobación das bases reguladoras para a súa concesión.

ARTIGO 2. PRINCIPIOS XERAIS.-

A regulación xurídica en materia de subvencións establece principios xerais de actuación fundamentais do PES que deben rexer na xestión municipal en materia de subvencións, e que son os seguintes:

- a) Principio de publicidade e libre concorrência, mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade, concorrência e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa, que de acordo ca normativa aplicable, deben contar coas debidas dispoñibilidades orzamentarias previas.
- b) Principio de obxectividade no proceso de concesión, segundo os criterios establecidos na convocatoria, que garantan o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.
- c) Principio de transparencia e igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.
- d) Principio de eficacia e eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados no establecemento do procedemento e a eficiencia na asignación dos recursos públicos.

e) Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na concesión das subvencións nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

ARTIGO 3. OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS.-

O plan estratéxico de subvención do Concello de Xermade conta con diferentes obxectivos:

- Dar cumprimento ao mandato legal que recolle o artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga á elaboración por parte dos entes que propoñan o establecemento de subvencións, dun Plan Estratéxico de Subvencións previo a súa concesión.
- Determinación das liñas de apoio e fomento das actividades de interese pública e social, establecendo un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
- Mellorar e racionalizar a xestión municipal das subvencións.

ARTIGO 4. ÁMBITO TEMPORAL.-

O ámbito temporal do presente Plan comprende os exercicios 2020, 2021 e 2022 inclusive, de conformidade co artigo 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, que establece un período de vixencia dos PES de tres anos; sen prexuízo, de conformidade co artigo 14 do mesmo texto legal, de actualizalo anualmente, de acordo coa información relevante dispoñible.

ARTIGO 5. ACTUALIZACIÓN.-

Poderán ser modificadas, substituídas ou eliminadas, as liñas de subvención establecidas no presente PES, que non alcancen o nivel de consecución de obxectivos desexado ou adecuado ao nivel de recursos invertidos, tal e como se dispón na disposición adicional decimosétima da LXS ao establecer un sistema de seguimento a través do control e avaliación dos obxectivos. En todo caso, os cambios que poidan producirse deberán axustarse á lei e, fundamentalmente aos orzamentos de cada exercicio.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos que se modifiquen liñas de subvención existentes, cando unicamente a variación se realice no importe asignado, sempre e cando o resto dos compoñentes da mesma permanezan se cambios, o que deberá acreditarse no expediente polo órgano xestor correspondente.

No suposto de que, concluído o período de vixencia, non se tivese aprobado un novo PES, o presente entenderase prorrogado naquelas liñas de actuación que resulten de continuidade e contén con asignación orzamentaria adecuada e suficiente.

ARTIGO 6. APROBACIÓN.-

O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 22.2 e) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, ao tratarse dun instrumento de planificación estratéxica das actividades de subvencións e xestión económica. Non obstante, o órgano competente para a aprobación das subvencións será o Alcalde.

ARTIGO 7. PUBLICACIÓN.-

En aras de dar cumprimento ao principio de transparencia, as convocatorias de subvencións instadas polo Concello de Xermade publicaranse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) de conformidade co regulado no artigo 20 da LXS e na sede electrónica municipal, indicando a entidade receptora, contía da mesma, e proxecto ou acción á que vai destinada. O prazo máximo para a devandita publicación será dun mes desde a concesión da subvención, en todo caso deberán figurar a final de ano.

ARTIGO 8. BENEFICIARIOS.-

Serán beneficiarios das subvencións previstas no presente PES, a persoas físicas, asociacións ou entidades que as reciban para a realización de actividades dirixidas á realización dun proxecto, acción ou situación que teña por obxecto fomentar a actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública de competencia local.

Será obriga do beneficiario achegar a memoria da actividade subvencionada, conta xustificativa ou calquera outra documentación esixible, de acordo coas bases reguladoras da subvención ou a resolución de concesión ou convenio, e a normativa de aplicación.

ARTIGO 9. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN.-

As subvencións encadradas no presente Plan Estratéxico serán outorgadas seguindo a normativa vixente en materia de subvencións:

1. En réxime de concorrencia competitiva, mediante convocatoria pública e cuxa concesión se concederá conforme a criterios de valoración fixados na convocatoria e nas bases reguladoras correspondentes.
2. Concesión directa, para aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, mediante a firma de convenios de colaboración, como instrumento habitual para a canalización da súa concesión, que regulen as súas condicións e compromisos.

Ambos procedementos de concesión deberán respectar os principios establecidos no Plan e a súa adxudicación levarase a cabo ata o límite dos créditos asignados a cada unha das liñas de subvención concedidas.

Tanto os procedementos de adxudicación directa como os de concorrencia competitiva deberán respectar os principios sinaladas neste Plan. Os procedementos de concesión das subvencións e axudas son os seguintes:

a) Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva: Segundo o art. 22.1 LXS, o procedemento ordinario de concesión tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Neste procedemento a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas Bases reguladoras e na convocatoria; e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, aquelas que obteñan unha maior valoración. En todo caso, as Bases da convocatoria nos procedementos de concorrencia deberán conter:

1. O obxecto da subvención e o interese que se pretende satisfacer.
2. Beneficiarios.
3. Requisitos formais da solicitude.
4. Partida orzamentaria, contía e límites da subvención.
5. Criterios de valoración en función da natureza da subvención.
6. Órganos de valoración, que deberán ter carácter colexiado e técnico.
7. Órgano competente para resolver.
8. Dereitos e obrigas dos beneficiarios, especificando os mecanismos para a comprobación da difusión por parte do beneficiario da financiación da súa actividade
9. Xustificación da subvención, con expresa mención da aplicación dos fondos percibidos, así como o cumprimento dos obxectivos.
10. Requisitos e forma de pago da subvención.

b) Subvencións concedidas de forma directa: Á vista do art. 22.2 LGS, poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

B.1.-As previstas nominativamente no orzamento xeral deste Concello. Enténdese por subvención prevista nominativamente nos orzamentos, aquela en que polo menos a súa dotación orzamentaria e beneficiario aparezan determinados nos estados de gasto do orzamento. O obxecto destas subvencións deberá quedar determinado expresamente no correspondente convenio de colaboración ou resolución de concesión que, en todo caso, deberá ser congruente coa clasificación funcional e económica do correspondente crédito orzamentario.

B.2.-Aqueles cuxo outorgamento ou contía veña imposto ao Concello de por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

B.3.-Con carácter excepcional, aqueloutras en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

ARTIGO 10. PRAZOS DE EXECUCIÓN.-

Con carácter xeral as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo excepcional e debidamente motivados aqueles supostos nos que se fixe un prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período flexible, deberá aparecer recollido nas correspondentes bases das subvencións. O órgano de seguimento e control velará polo cumprimento do “calendario” da concesión de subvención, o cal deberáse aprobar no primeiro trimestre de cada ano.

ARTIGO 11. FINANCIAMENTO.-

A tramitación das liñas de subvencións do presente PES queda expresamente condicionada aos seguintes puntos:

1. Existencia de dotación orzamentaria axeitada e suficiente.
2. Con carácter previo ou simultáneo ao outorgamento das subvencións ou concesións directas, deberá efectuarse a aprobación do gasto nos termos previstos nas normas orzamentarias.
3. Previamente ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas ou bases reguladoras da concesión, no caso de modalidade de concorrencia competitiva.

ARTIGO 12. RÉXIME DE SEGUIMENTO E CONTROL.-

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico realizarase de forma anual, en dous aspectos.

a) Control económico- financeiro das subvencións concedidas: está encomendado á Intervención do Concello, e realizarase nas condicións recollidas na lexislación vixente.

b) Control e seguimento do Plan: encoméndase á Xunta de Goberno Local, para o que, cada unha das Áreas que xestionan as subvencións, remitirá no primeiro cuadrimestre de cada exercicio, e en todo caso, antes de que acabe o exercicio orzamentario memoria xustificativa coas seguintes especificacións:

- Obxecto, entidade beneficiaria e importe subvencionado.
- Subvencións concedidas, xustificadas, renunciadas e reintegradas (ou en procedemento de reintegro).
- O grao de cumprimento dos seus obxectivos específicos, do seu prazo de consecución, concretando o número de cidadáns e/ou beneficiarios aos que alcanzou a acción subvencionada.
- Os custos efectivos en relación aos previsibles.
- Conclusións ou valoración global na que conste a valoración en canto aos obxectivos perseguidos e a procedencia do mantemento ou supresión do programa.
- Suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratéxico de Subvencións.

Para o seguimento e avaliación do Plan Estratéxico de Subvencións désígnase á Xunta de Goberno Local.

A tal efecto se establecen coma indicadores relacionados cos obxectivos do Plan a avaliar, os seguintes:

-Grao de execución das mesmas, entendo por isto, as subvencións concedidas e aprobadas (fase O) respecto das previstas (créditos iniciais), respecto de cada área, e tipo de subvención e distinguindo entre subvencións de concesión directa e en concorrencia competitiva.

-Respecto das subvencións concedidas en concorrencia competitiva, número de expedientes (solicitudes) tramitadas e concedidas e comparativa co ano anterior para o caso de existir a mesma subvención.

A Intervención municipal absterase de realizar a fiscalización ata que non se realice polos xestores o envío da información anterior.

ARTIGO 13. LIÑAS DE SUBVENCIÓNS

13.1. Área 1. Acción social.

Enmarcense en dúas grandes áreas estratéxicas. Por un lado as emerxencias sociais, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade, e unha segunda liña que serían as axudas de fomento da natalidade.

Acción Social	Área 1	Código 1.1
Axudas Emerxencia Social		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Dirixese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Satisfacer as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico. - Manter a familia como unidade básica de convivencia - Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida - Facer fronte a situacións de desprotección - Evitar situacións de marxinação - Axudar a conseguir a súa autonomía económica - Conseguir a súa integración social 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Concesión directa	
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.	

Acción Social	Área 1	Código 1.2
Axudas natalidade		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste nunha axuda directa de 600,00 euros por neno/a nacido/a no municipio do 01/12/2019 ao 30/11/2020. Dirixese a familias empadroadas no municipio.	
b. Obxectivo específico	Axudar ás familias que teñen crianzas no seu primeiro ano de vida, a fin de que se fixe poboación no municipio	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	7.200,00 €	

e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Concesión directa
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais.

13.2. Área 2. Educación

Nesta área establécense dúas liñas. A primeira sería a colaboración mediante subvención nominativa coa asociación "Educando en familia", que traballa coas crianzas menores de tres anos no CEIP de Xermade.

Por outro lado, os campamentos "Xermade Concilia" como alternativa que se oferta aos pais para poder conciliar vida familiar e profesional.

Educación	Área 2	Código 2.1
EDUCANDO EN FAMILIA		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar na prestación da atención educativa necesaria ás familias con crianzas menores de 3 anos	
b. Obxectivo específico	Facilitar a aprendizaxe das crianzas e das súas familias no ámbito educativo, emocional, comunitario, etc., fomentando a reflexión educativa e a autoestima persoal e comunitaria das persoas participantes	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	3.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Educación	Área 2	Código 2.2
CAMPAMENTOS XERMADE CONCILIA		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Xermade con nenos e nenas en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	5.597,21 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios e subvención igualdade Xunta de Galicia	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo, de xeito que para as persoas usuarias é gratuíto	

13.3. Área 3. Promoción cultural.

Establécense tres liñas: en primeiro lugar as subvencións en réxime de concorrencia competitiva para fomento de actividades culturais (7.300 euros, conxunto coa liña de deportes) e para o Premio Xermade na Historia (dotado con 3.000 euros); e por outro lado, os convenios con determinadas asociacións sen ánimo de lucro con importante implantación cultural no municipio, tales como o Consello de Maiores de Momán, a Asociación de Veciños de Cabreiros, a Asociación Axóuxere de Roupar, etc.

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
CULTURAIS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadana organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	7.300,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
PREMIO XERMADE NA HISTORIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadana organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Fomentar o estudo do patrimonio etnográfico e cultural do municipio	

c. Prazo	Anual
d. Custo presupostado	3.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
CULTURAIS NOMINATIVAS		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadana organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.650,00€	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativas	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

13.4. Área 4. Festexos e tradicións populares.

Establécense tres liñas:

-Subvención en libre concorrancia ás asociacións de festas para que o concello colabore coa organización das diversas festas parroquiais (dotada con 2.200 euros). Constitúe o obxecto destas subvencións o colaborar no ocio e tempo de lecer e responsabilizar ás comisións da xestión dos mesmos.

- Premios en metálico e especie no concurso de Entroido organizado polo concello.

- Festa do Neno, organizada por unha asociación.

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
FESTAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadana para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.200,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.2
FESTAS DO NENO EN MOMÁN		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadana para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer dirixidos ás crianzas.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	300,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.3
PREMIOS DE ENTROIDO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar a participación cidadana en actividades de ocio e tempo libre con tradición no municipio, respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Apoiar a pervivencia dun evento público de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer como é o Entroido.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	1.125,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrancia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

13.5. Área 5. Promoción e fomento de deporte.

Tres liñas no ámbito deportivo:

- Unha en libre concorrència, para actividades deportivas.
- Premios “Trofeo de fútbol Manuel González Fernández”.
- Cinco nominativas para os clubs de Xermade.

Deportes	Área 5	Código 5.1
ASOCIACIONES DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuir ao fomento das entidades deportivas municipais	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none"> - Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas - Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos - Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma 	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	7.300,00 € (conxuntamente coas actividades culturais)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
CLUBES DE FUTBOL DE XERMADE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	4.750,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Deportes	Área 5	Código 5.3
TROFEO DE FUTBOL DE XERMADE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.050,00 €	
e. Fonte de financiamento	Plan Único Deputación	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

13.6. Área 6. Protección civil.

Establécese unha subvención nominativa á Asociación de Voluntarios/as de Protección Civil de Xermade, dotada con 2.000 euros.

Protección Civil	Área 6	Código 6.1
ASOCIACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE XERMADE		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar a existencia dunha asociación de voluntarios para facer fronte a situacións de risco para as persoas e os bens no municipio	
b. Obxectivo específico	Apoiar á Asociación de Voluntarios de Protección Civil para que poda facer fronte aos seus gastos de funcionamento	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	2.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Nominativa	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio.	

Contra este acordo poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición perante o Pleno no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio. Transcorrido un mes desde a interposición do recurso sen notificarse a súa resolución expresa, terase por desestimado e poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel no que tería que resolverse o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na

Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Para o caso de desestimarse o recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de 2 meses.

Tamén se pode interpor directamente o recurso contencioso- administrativo ante o órgano da Xurisdición Contencioso- Administrativa, no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte ao da publicación. Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Xermade, 15 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0112

Anuncio

Aprobación da bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos nos postos de auxiliar administrativo/a

Por Decreto da Alcaldía núm. 7/2020 de data 15/01/2020 aprobouse a bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos nos postos de auxiliar administrativo/a, formada polas seguintes persoas:

DNI	Puntuación 1º exame	Puntuación 2º exame - 1ª proba preguntas respostas por escrito	Puntuación 2º exame - 2ª proba word e excel	PUNTUACIÓN TOTAL	PROBA DE GALEGO
05 331 851Z	3,6	1,5	1,5	6,6	CELGA
33 542 262M	3,6	1,6	1,5	6,7	CELGA
33 999 965P	3,6	1,5	1,5	6,6	CELGA
34 284 999A	2,7	1,7	1,5	5,9	CELGA

A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous anos dende a súa publicación no BOP.

Faise público para xeral coñecemento.

Xermade, 15 de xaneiro de 2020.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 0113

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Información pública.

Expediente número: A/27/22220

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Ganadería Piquín, S. C.

Nombre del río o corriente: Manantial

Caudal solicitado: 0,16 l/seg.

Punto de emplazamiento: Lentomil, entre las parcelas 22 y 9001 del polígono 23

Término Municipal y Provincia: A Fonsagrada (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:

Arqueta de captación y conducción a un abrevadero.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 20 de noviembre de 2019. -EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES. Pedro Granda Rodríguez.

R. 0042

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02648/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: José Rivas Fuente

Nombre del río o corriente: Un manantial

Punto localización: Espandariz, Nocado

Término municipal y provincia: Quiroga, Lugo

Caudal concedido: 0,0023 l/s

Destino: Labores propias de una bodega

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 07 de julio de 1993

Registro de Aguas: 1769, Sección A, en el Tomo 0018, hoja número 069

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Quiroga** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de enero de 2020.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0114

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/07307/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: José Fernández Fernández

Nombre del río o corriente: Rio Furco y rio de Mallo o Rodís

Punto localización: Lagua, Santa Maria de Cascalla

Término municipal y provincia: Becerreá, Lugo

Caudal concedido: 0,92 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 25 de noviembre de 1998

Registro de Aguas: 8156, Sección A, en el Tomo 0082, hoja número 056

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Becerreá** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de enero de 2020.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0115

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/05955/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Fe Vazquez Carballo

Nombre del río o corriente: Un pozo

Punto localización: Lugar de Vidas, Casa Queimada, Cecillón

Término municipal y provincia: Taboada, Lugo

Caudal concedido: 0,15 l/s

Destino: Uso doméstico y ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 29 de noviembre de 1996

Registro de Aguas: 6102, Sección A, en el Tomo 0062, hoja número 002

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Taboada** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas – Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de enero de 2020.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0116

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/02238/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Julia Díaz Rozas

Nombre del río o corriente: Río Ladra

Punto localización: Lugar de Portacasas, Viris

Término municipal y provincia: Begonte, Lugo

Caudal concedido: 1,67 l/s

Destino: Riego

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 13 de mayo de 1996

Registro de Aguas: 5115, Sección A, en el Tomo 0052, hoja número 055

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA (30) DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Ayuntamiento de Begonte** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 14 de enero de 2020.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0117
